


grupo chévere

creación 2026-2027

como se constrúen as narrativas da memoria?



unha co-produción co Centro Dramático Nacional

chévere

premio nacional de teatro 2014

rúa da queimada 49 baixo 15703 santiago de compostela

info@grupochevere.eu | www.grupochevere.eu



Foto SabelaEiriz

Elenco	Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Borja Fernández, Gema Santos, Marcos Pereira
Documentación/ dramaturxia/dirección	Xron
Técnica	Fidel Vázquez
Produción	Carme Giráldez
Comunicación	Xana García
Gráfica	Tristán Ron
Dispositivo escénico	Chévere
Tratamento escenografía	Carlos Alonso
Carpintaría	Daexga
Vestiario	Uxía P. Vaello
Axudante xastraría	Carmen Hortas
Deseño 3D	Xabier Vilas
Impresión 3D	CIFP Compostela, Centro Eduardo Barreiros, Álvaro Rey Rodríguez
Adaptación a LSE	Carla Méndez
Asesoramento LSE	Ángela Ibáñez
Asesoramento da cegueira	Paula Varela
Asesoramento lingüístico	Rosa Moledo
Foto	Sabela Eiriz
Vídeo	Miramemira
Administración	Inés Portela
Distribución	Carlos M. Carbonell
Co-producen	Chévere e Centro Dramático Nacional
Apoia	Agadic-Xunta de Galicia
Colaboran	Concello de Ames, Auditorio de Galicia
Agradecementos	Aldara Cidrás, Patricia Fernández, Ánxeles Cuña, Fou, Miguel Anxo Seixas, Clotilde Vaello, Oli Xiráldez, Antonio Míguez, Lourenzo Fernández Prieto, Gustavo Hervella, Carla Miranda, Inés Mosquera, Carmen García Rodeja, Narciso de Gabriel, Xurxo Ayán, Anna Minyarro, Julia Nieto, Corina Alfonso, Ruth Lovera Herrera. Paula Toimil, Xoán Escudero, Miguel Cajigal, Jorge López, Juan Arca, Agar Ledo, Ángeles Tilve, Julia, José Manuel, Álvaro, Pilar, Nieves, Pedro, terapeutas e usuarias de Dano Cerebral Galicia, Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica ARMH, Histagra, USC, AC Alexandre Bóveda.

2026

Febreiro

Do 20 ao 24 **Santiago de Compostela**, Auditorio de Galicia (estrea)
27 venres **Pontevedra**, Auditorio Afundación
28 sábado **O Carballiño (Ourense)**, Auditorio Municipal

Marzo

6, 7, 8 **Vigo**, Sala Ártika
13, 14, 15 **Vigo**, Sala Ártika
20 venres **A Coruña**, Teatro Rosalía de Castro
21 sábado **A Coruña**, Teatro Rosalía de Castro

Abril

11 sábado **Cangas**, Auditorio Municipal
16 xoves **Lugo**, Auditorio Gustavo Freire
17 venres **Ourense**, Teatro Principal
18 sábado **Ourense**, Teatro Principal

Maio

8 viernes **Bertamiráns-Ames (A Coruña)**, Casa da Cultura
9 sábado **Bertamiráns-Ames (A Coruña)**, Casa da Cultura
17 domingo **Narón**, Pazo da Cultura

Xullo

17 venres **Ribadavia**, Mostra Internacional de Teatro


Outubro

2 sábado **Carballo**, Festival Internacional Outono Teatro
Do 8 ao 31 **Madrid**, Teatro Valle Inclán

Noviembre

Do 1 ao 8 **Madrid**, Teatro Valle Inclán
10 martes **Alicante**, Teatro Arniches, Muestra de Teatro Español de Autores
Contemporáneos

No primeiro mes xa assistiron á obra máis de 7.500 persoas!



ICTUS Escenario. Foto SabelaEiriz

Título	ICTUS (anatomía de “A derradeira leición” de Castelao)
Autoría	Chévere
Duración	112 minutos
Idiomas	Galego, lingua de signos (LSE)
Idade recomendada	Maiores 13 anos
Públicos	Ademáis do público habitual, cómpre facer un esforzo de comunicación e difusión para facer chegar a información a persoas xordas e ciegas e a colectivos e asociacións de persoas xordas signantes e persoas con discapacidade visual. Tamén é recomendábel difundir entre colectivos e asociacións de Dano Cerebral Adquirido (DCA).
Accesibilidade	Esta obra integra en escena a lingua de signos (LSE) para persoas xordas signantes e conta con audiodescrición en directo desde o escenario integrada na narrativa, para persoas con discapacidade visual.
Equipo en xira	Máximo de sete persoas.
Formato	A obra ten unha montaxe sinxela que se adapta a espazos medianos e grandes, cunhas medidas mínimas de escenario de 8m de embocadura, 7m de fondo e 4,5m de altura.



ICTUS Borja Fernández, Gema Santos. Foto Sabela Eiriz

Esta é unha obra accesible e inclusiva, que integra a lingua de signos e a audiodescrición en directo desde o escenario e conta coa participación en escena dun actor xordo. Durante o proceso de creación contouse coa participación e asesoramento de persoas xordas e cegas.

As medidas de accesibilidade que chega a compañía son:

- **Lingua de signos integrada (LSE):** todos os contidos da obra son signados en escena por actrices e actores.
- **Audiodescrición para persoas con discapacidade visual:** unha voz narradora fai en directo e desde o escenario toda a audiodescrición, que se integra na propia narrativa da obra. Todas as voces e sons son amplificados con micrófonos de voz e de ambiente. Por tanto, non é necesario o uso de auriculares e petacas.
- **Recoñecemento táctil previo á función:** existe a posibilidade de organizar unha visita táctil para persoas con discapacidade visual, guiada polo elenco, unha hora antes do inicio da función e antes da entrada do público (a captación e xestión dos grupos faina o teatro).
- **Programa de man en braille:** ofrecemos varios exemplares con información en braille para uso durante a función, que deberán ser devoltos ao rematar.
- **Cadro táctil:** a compañía dispón dunha reprodución táctil do cadro que serve de fío condutor da obra para uso das personas cegas que o queiran recoñecer antes da función. Ademais ofrécese unha audioguía de apoio.
- **Programa da obra de Lectura Fácil.** Facilítase código QR para descargalo.
- **Nota audiodescritiva previa:** con información de contexto, a través dun código QR.

Outras medidas de accesibilidade recomendadas para os teatros:

- **Incorporar as medidas de accesibilidade na comunicación e venda de entradas:** as páxinas web e as plataformas dixitais de venda de entradas ás veces convírtense en barreiras engadidas para que as persoas con discapacidade visual ou auditiva podan acceder á información e ao uso cultural. O ideal é que sexan completamente accesibles incorporando todas as ferramentas dispoñibles na actualidade. Ademais, facilita moito as cousas destacar na web a información sobre as medidas de accesibilidade de cada obra, colocando ben visibles as iconas da LSE e da AD (audiodescrición).
- **Reserva de localidades óptimas** para persoas xordas, con baixa visión ou mobilidade reducida, para garantir que podan seguir a obra da mellor forma. As personas xordas necesitan estar cerca do escenario e ter boa visibilidade para poder seguir o signado. As persoas con discapacidade visual necesitan estar nun lugar con boa escoita.
- **Facilitar a xestión de acceso á sala de cans-guía:** algunhas persoas cegas e xordocegas necesitan asistir acompañadas por cans, que permanecen dentro da sala durante a función, polo que se recomenda reservar lugares na primeira fila ou en localidades situadas xunto a corredores.
- **Facilitar o acceso de acompañantes:** algunhas persoas cegas e xordocegas necesitan asistir acompañadas por persoas que actúan como guías.
- **Sinalización:** uso de sinais visuais adaptadas para persoas xordas.

o cadro

_imos usar este cadro como un obxecto-guía de toda a narración e de toda a obra



A derradeira leición do mestre é un óleo de 2m de alto e 136cm de ancho, asinado por Castelao. Tense denominado o *Gernika galego* porque representa o terror desatado en Galicia tras o golpe do 18 de xullo, porque se pintou no exilio e permanece na Arxentina desde aquela, sendo parte do legado da emigración á historia da memoria democrática de Galicia.

Reproduce ampliada a estampa número 6 do álbum *Galicia Mártir*, publicado por Castelao durante a Guerra Civil para denunciar os asasinatos cometidos polos autores do golpe de estado en Galicia, un terriotiro no que non houbo guerra nin dous bandos enfrontados, senón un fato de criminais e milleiros de vítimas civís. Este álbum constitúe unha das primeiras representacións gráficas dun xenocidio. Foi editado en 1937 polo Ministerio de Propaganda da República con moita difusión, chegando a expoñerse os debuxos en Barcelona, Moscova, Nova York, A Habana, Montevideo e Buenos Aires. A única modificación feita no cadro en relación coa lámina é a cara do home morto, que **no cadro é un retrato de Alexandre Bóveda**.

O cadro pintouse por iniciativa dun colectivo de emigrantes, o **Centro Ourenán de Bos Aires**, para un acto de homenaxe a **Alexandre Bóveda**, que se celebrou o 17 de agosto de 1945, coincidindo co noveno aniversario do seu fusilamento en Pontevedra, data declarada desde 1942 *Día dos Mártires de Galicia*.

como se constrúen as narrativas da memoria



Acto de recepción do cadro de Castelao na Cidade da Cultura

Esta é unha obra sobre a **memoria**, sobre a relación que existe entre **boa memoria** e **boa democracia** e sobre os **traumas** sen resolver da nosa **memoria histórica**.

Para iniciar un novo proxecto sempre hai un feito que actúa como **detonante**. En outubro de 2018 o goberno galego organiza un acto institucional para recibir o cadro e asistir á súa desembalaxe. Cando vimos a fotografía das autoridades rodeando o cadro de Castelao, deitado sobre un tableiro, axiña pensamos no famoso cadro de **Rembrandt** que retrata unha disección anatómica feita en público. Daquela entendemos o acto de recepción do cadro en Galicia setenta anos despois de que fose pintado como unha especie de **lección de anatomía da memoria**, e o lugar no que foi presentado, a Cidade da Cultura, como un deses *Anatomical Theatres* nos que tiñan lugar as diseccións no Ámsterdam do século XVII. Ao tratarse de dúas escenas nas que un grupo de persoas relevantes da sociedade rodean o corpo morto dun home inxustamente condenado a morte, entendemos tamén o acto de recepción como unha especie de **exhumación institucional involuntaria**. Sobre todo porque durante ese acto o presidente do goberno toma a palabra e presenta o cadro como unha homenaxe aos mestres do primeiro terzo do século XX. Expresa así unha intención narrativa. Quérenos contar unha historia. E nós queremos demostrar que sabemos ler entre liñas. Porque ten toda a pinta de ser unha historia moi chula sobre **como se constrúen, e como se disputan, as narrativas da nosa memoria colectiva**.

O presidente do goberno non é quen de lembrar o momento histórico representado no cadro? Esqueceu o nome da persoa retratada e a razón pola que xace morto? Ou é que o trauma do golpe de estado de 1936 e a violencia desatada polos golpistas segue alterando a nosa memoria noventa anos despois? Pódese entender isto como unha psicopatoloxía da memoria colectiva?

un traballo en proceso

_no verán de 2024 iniciamos o proceso de investigación e documentación, que prolongou durante un ano e medio



MIT Ribadavia, julio 2025

A obra é resultado dun intenso proceso de investigación e documentación que tamén estivo aberto á participación do público.

Fixemos unha **reproducción a tamaño real do cadro** de Castelao, que andou circulando en exposición entre novembro de 2024 e xaneiro de 2026, colocándose en doce espazos distintos asociado a un test que responderon seiscentas persoas, entre 11 e 78 anos e procedentes de 79 concellos galegos. Tamén se organizaron oito encontros abertos con participación de máis de trescentas persoas. Todo isto serviu para **ampliar a conversa pública** sobre o cadro de Castelao e a súa memoria, sobre os motivos para traelo agora e sobre o contexto histórico do golpe de estado de 1936 e o exilio.

Ademáis, durante este proceso mantivemos **encontros** moi diversos e fixemos **entrevistas** co grupo de investigación **Histograma** da Universidade de Santiago de Compostela, con terapeutas e persoas usuarias da asociación **Dano Cerebral Galicia**, coa **Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica**, con **investigadoras** que traballan sobre a xudicialización da violencia golpista, con especialistas en **neuroloxía**, con **psicólogos** que traballan sobre o trauma do golpe do 36 na terceira e cuarta xeracións, con **arqueólogos** experimentados na exhumación de foxas, con **xuristas** que nos axudaron a analizar o xuízo sumarísimo a Alexandre Bóveda e con **técnicos** que traballaron na exposición do cuadro de Castelao na *Cidade da Cultura*, desde o **comisario** ata **guías e vixilantes**.

“Agora mesmo vivimos nunha especie de baleiro, de lagoa da memoria. A xeración que lembraba a Segunda Guerra Mundial, que lembraba a guerra en primeira persoa, está morrendo. Nós temos que facer chegar a memoria da guerra, pero a memoria viva xa non existe. Temos que recordar que a memoria é algo que se crea día a día. A guerra que está tendo lugar agora mesmo, a guerra de Rusia en Ucraína, ata certo punto débese ao feito de que esquecemos a Segunda Guerra Mundial. Que en 2023 haxa unha guerra en Europa é un retroceso brutal e repentino ao pasado, é un acto de barbarie. Significa que non cumprimos o noso traballo coa memoria.”
Georgui Gospodinov (escritor búlgaro autor de *Las Tempestálidas*)



ICTUS Gema Santos, Marcos Pereira, Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira. Foto Sabela Eiriz

unha volta máis ao documental escénico

Nesta obra traballamos a partir dun dispositivo escénico documental para xerar unha historia de ficción que combina documento e ficción, teatro e testemuño, trauma e memoria.

Seguimos usando en escena obxectos documentais: actas, cartas, sumarios xudiciais, fotografías, vídeos, declaracións, tests, entrevistas... Con este acompañamento imos construindo unha historia que é pura invención. Unha ficción á que se lle dá un tratamento igualmente documental. Superpoñemos a verdade histórica e a verdade teatral ata que deixan de ser elementos separados e acaban formando parte indistinguible dunha mesma historia, a historia que se conta en escena. Este tratamento documental levounos a reducir ao mínimo a teatralidade, evitando caracterizar os personaxes ou usar un decorado ilusionista.

O plano documental está ocupado por un obxecto real. Un cadro con narrativas en disputa, que representa unha memoria que segue sendo incómoda, que representa o trauma que oitenta anos despois de ser pintado segue alterando a nosa memoria colectiva, a nosa convivencia e a nosa democracia. Un cadro que evidencia a vulnerabilidade da arte para ser manipulada polo poder.

O plano de ficción está ocupado por unha historia persoal, a historia dun personaxe con Dano Cerebral Adquirido (DCA) que se cruza coa historia colectiva que representa o cadro de Castela. Un personaxe que sufríu un ictus (golpe en latín), que lle fixo perder partes da memoria e a capacidade de completar os seus recordos.

Para superpoñer estes dous planos en escena trasladamos á ficción o proceso real de documentación da obra que fixemos. Integramos o plano documental nunha historia de ficción para potenciar o seu alcance real e entender a alteración da memoria colectiva provocada polo golpe de estado do 36 a través da historia dun personaxe que sofre unha alteración da memoria persoal provocado por un golpe na cabeza. A súa procura de solucións facémola nosa.

un experimento narrativo

_unha obra para ver cos ollos pechados



ICTUS Borja Fernández, Gema Santos. Foto Sabela Eiriz

Despozar a escena de teatralidade pon todo o foco na presenza, tanto dos actores e actrices como do público. O importante é estar aí. Fomos convocados para construír unha historia á vista de todo o mundo. Ímola contar aceptando que os públicos son diversos, que hai persoas que non ven e que non oen.

Castelao estaba case ciego na altura na que se pinta o cadro. Por iso intentamos montar a historia de tal forma que, se hoxe estivese aquí, puidese asistir á obra e seguir toda a historia.

Imos probar se é posible contar unha historia simultaneamente a persoas que ven e non ven, a persoas que oen e non oen. Para iso non só incorporamos a lingua de signos en escena. Esta vez tamén experimentamos coas posibilidades narrativas da audiodescrición, que é a técnica que se usa para que as persoas cegas accedan a obras escénicas e audiovisuais, describindo a través da voz movementos, accións, espazos, obxectos, luces...

O que fixemos foi integrar a técnica da audiodescrición na forma de contar a historia desde o escenario. Unha especie de audiodescrición en directo a través dunha voz narradora que observa, conta, toca, describe, adianta e conduce. Deste xeito faremos visible para todo o público unha ferramenta que normalmente só usan as persoas con discapacidade visual. É unha forma de recoñecer e familiarizarse con outras formas de percibir e contar a realidade, aínda que non sexan a nosa. Coma se esta fose unha orba para ver cos ollos pechados.

unha sinopse

_para quen a necesite



ICTUS Patricia de Lorenzo. Foto SabelaEiriz

Na obra crúzanse as voces de numerosas testemuñas ligadas á memoria do cadro, dialogando coa historia persoal dunha muller que sofre unha alteración da súa memoria por un dano cerebral adquirido.

Unha muller entra en escena para dar o seu testemuño. Declara que sufriu un ictus que lle afectou á memoria e impídelle completar os seus recordos. Que tivo o ictus na Cidade da Cultura, durante un acto que o goberno organizou en 2018 para recibir o cadro de Castelao titulado “A derradeira leición do mestre”. Di que non lembra por que estaba alí ou por que lle interesaba ese cadro. Non pode lembrar nin a roupa que deixou preparada a noite anterior, nin o argumento do libro que estaba lendo onte. Por iso necesita reconstruír cada detalle e completar os seus recordos. Cómprenlle para non quedar illada socialmente e para non esquecer quen é. Di que empezou ese proceso de recuperación da súa memoria tratando de reconstruír o momento inmediatamente anterior ao ictus, cando estaba nese acto protagonizado por un cadro que non lembra ter visto antes. Que quere saber por que estaba alí. Quere sabelo todo sobre aquel cadro. Que é o seu xeito de loitar contra o esquecemento.



ICTUS Patricia de Lorenzo, Marcos Pereira, Miguel de Lira, Gema Santos. Foto SabelaEiriz

o que di o público

Pode ser que Ictus de Chévere sexa o más brillante e desde logo o máis sofisticado artefacto que se fixo nunca neste país sobre a administración da memoria democrática, as súas friccións coa memoria íntima, e os delicados mecanismos que nos quedan para repensalas fóra do museo do trauma.

Berta Dávila @berta_davila 22/02/2026

Moitísimas grazas por esta marabillosa creación e pola excepcional visibilización das secuelas invisibles do dano cerebral adquirido.

@danocerebralgacia 22/02/2026

Chévere tenlle collida a agulla de marear ao feijoísmo e ao ruedismo coma ninguén. Que finos, que agudos, que claros e que rigorosos ao mesmo tempo. Sempre no equipo Chévere!

María Yáñez @maria_yanez 22/03/2026

Saio de Ictus enchida de paz e de beleza. Mira que é este un tema difícil e de que maneira Chévere nos leva aos recunchos da memoria, individual e colectiva, para construír, reconstruír e crear futuro inzadiño de dignidade. Que bonitura, miña naiciña, de peza!

Eli Rios @eli_rios 21/03/2026

Estiven onte vendo a obra e encantoume. Son TEA1 e a experiencia de que alguén conte, explique e anticipe o que vai pasar fíxome desfrutar e comprender moito mellor a obra. Gracias por ISO e pola obra. Estela @estelavazquezsalvadores 21/03/2026

Unha obra redonda, unha integración completa da audiodescrición ata rozar a performance, increíble! Facede todo o posible por ir vela, de rotunda actualidade sobre as narrativas que están movendo o noso mundo actual. Parabéns!

Alejandro Novoa @alejandronovoa 14/03/2026

Chevere atravesando con destreza cirúrxica 90 anos de Historia e desMemoria.

Carmela Galego @carmeladega 23/02/2026

Grazas Chévere por este modo fermoso de diseccionar -e activar. A nosa memoria

Sabela Mendoza @acuerpodebaile 23/02/2026

Saín emocionada da obra. Grazas por este exercicio de reivindicación, de cariño, de recordo do que somos.

Graciela @gracielashanti 21/02/2026

Foi unha emoción vervos, sentir, pensar, oír o que non queres oír (certos discursos) para recordarnos que forma parte da realidade e da memoria.

Teresa @tefefe57 21/02/2026

Outra fantástica obra de Chévere sobre a recuperación da nosa memoria democrática que ademáis demostra que se pode facer un teatro perfectamente funcional e innovador e que a accesibilidade non sexa un mero accesorio engadido a posteriori.

Miguel Alcalde @miguelalsil_ 20/02/2026

Unha vez máis Chévere demostrando que non hai que facer teatro político, senón facer politicamente o teatro. Ictus disecciona un pobo en trauma, tecendo un fío condutor que une memoria histórica coa memoria clínica do dano cerebral adquirido. Saes sendo outra persoa desta peza que intenta facer un pobo mellor, un goberno mellor; que intenta sandarnos.

Paulo Rubal @paulorubal 20/02/2026

O poder da memoria

Cristina Corral, Diario Marín, 2 marzo 2026

<https://diariomarin.com/cultura/o-poder-da-memoria-en-ictus-da-compania-teatral-chevere/>

ICTUS constrúe unha metáfora poderosa: do mesmo xeito que o dano cerebral pode roubar palabras e fragmentar a identidade, tamén as comunidades poden sufrir procesos de esquecemento inducido que alteren a súa conciencia histórica.

Cando se deteriora a capacidade de nomear prodúcese un baleiro que pode ser ocupado por un relato alleo. Nese sentido, a estrutura radiofónica, as acotacións orais permanentes e a presenza constante da narración funcionan como unha exploración da memoria en tempo real: o que non se di desaparece; o que desaparece corre o risco de ser substituído por algo que non foi.

Chévere vólveo facer para ir un paso máis alá na forma e no fondo

Iria Sobrado, ZigZag TVG, 23 febreiro 2026

<https://www.g24.gal/-/a-nosa-colaboradora-iria-sobrado-fala-no-zigzag-de-ictus-o-novo-proxecto-de-chevere>

Ictus é un exercicio prodixioso e maxistral de memoria democrática e de dignidade.

Chévere planea o espectáculo como un teatro testemuñal, cunha sucesión de tesemuñas reais e de ficción que pasan polo escenario. É increíble como poden contar tantas cousas a partir dun escenario baleiro, uns cabaletes, uns tableiros e un caixón que garda una reprodución do cadro de Castelao. Ao principio sorpréndete oír a audiodescrición e de repente iso xa forma parte do espectáculo duna maneira grandiosa porque saben navegar por aí de forma fantástica.

Ese toque de humor que teñen os Chévere é fascinante porque demostra que o humor non sempre é comedia e iso téñeno moi dominado.

A memoria, alimento saudábel

Marga do Val, Nós Diario, 6 marzo 2026

<https://www.nosdiario.gal/opinion/marga-do-val/memoria-alimento-saudabel/20260306081720249482.html>

O último espectáculo de Chévere, un proxecto en co-produción co Centro Dramático Nacional, é unha medicina sanadora, que reconforta, que nos fai gozar do teatro, que é un nutriente para a memoria colectiva. ICTUS (Anatomía de "A derradeira lección" de Castelao) é teatro en maiúscula, un documental que nos sitúa como pobl diante do cadro de Castelao A derradeira lección do mestre e da nosa memoria.

o que contan os medios

A casi cien años del golpe nos deja perplejos que una parte de la sociedad reivindique el silencio y el olvido (entrevista a Xesús Ron)

Daniel Salgado, eldiario.es 15 febrero 2026

https://www.eldiario.es/galicia/xesus-ron-dramaturgo-cien-anos-golpe-deja-perplejos-parte-sociedad-reivindique-silencio_128_12988962.html

Chévere agota todas las entradas para el estreno de Ictus en el Auditorio de Galicia

Diario de Compostela, 19 febrero 2026

<https://diariodecompostela.elidealgallego.com/compostela/2026-02-19/chevere-agota-todas-as-entradas-para-a-estrea-de-ictus-no-auditorio-de-galicia-837534.html>

A conexión dun cadro de Castelao cun ictus nun acto da Xunta

Nico Carreira, La Opinión, 19 marzo 2026

<https://www.laopinioncoruna.es/coruna/2026/03/19/chevere-presenta-ictus-nova-castelao-coruna-128184518.html>

Un cuadro de Castelao y un mural en la pared: el desafío de Chévere a la pérdida de la memoria y lo efímero del teatro

Luis Pardo, eldiario.es, 27 marzo 2025

https://www.eldiario.es/galicia/cuadro-castelao-mural-pared-desafio-chevere-perdida-memoria-efimero-teatro_1_12168698.html

Chévere prepara unha obra documental sobre a chegada de «A derradeira leición do mestre» a Galicia

Cándida Andaluz, La Voz de Galicia, 21 julio 2025

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/2025/07/21/chevere-prepara-unha-obra-documental-sobre-chegada-derradeira-leicion-do-mestre-galicia/00031753116263411849811.htm>

A cara b descoñecida de Castelao

Mar Mato, Faro de Vigo, 2 octubre 2025

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2025/11/03/cara-b-desconecida-castelao-123291556.html>

a técnica

_estas son as necesidades técnicas para facer a montaxe da obra

Tempo de montaxe/desmontaxe

Montaxe: 6 horas

Desmontaxe: 50 minutos + 20 minutos de carga.

A premontaxe de luces farase antes da entrada da compañía, segundo o plano acordado entre o persoal técnico da compañía e o do teatro.

Espazo escénico

Óptimo: 10m ancho embocadura, 12m ancho entre paredes, 8m fondo desde a primeira vara ata a parede ou pano de fondo, 6m altura varas ou truss.

Mínimo: 8m ancho embocadura, 9m ancho entre paredes, 7m fondo desde a primeira vara ata a parede ou pano de fondo, 5m altura varas ou truss.

Usarase cámara negra á alemana (se as paredes son negras pode ir desaforado).

Fan falta 2 patas negras para aforar o ciclorama.

Escenografía que leva a compañía

Un caixón de madeira de 2,35m x 1,60m x 0,30m. Un lenzo enmarcado de 2m x 1,36m. Oito maquetas pequenas feitas con impresión 3D. Seis tableiros de 1,80m x 0,80m x 0,12m. Doce cabaletes de madeira. Cinco cadeiras de tixeira de madeira. Un cabalete de pintor. Unha estación topográfica con trípode. Un xalón. Catro caixas de cartón con documentos e pequenos obxectos.

Camaríns

Para cinco persoas. **Durante a función hai que facer un cambio de vestiario rápido.** Se os camaríns non están cerca do escenario ou non teñen acceso directo ao escenario, cómpre habilitar un espazo no escenario como camerino, completamente aforado.

Maquinaria

Ciclorama branco/gris de 9m x 6m.

Linóleo branco de 10m x 6m (mínimo 8m x 6m).

Vídeo

O control de vídeo está no escenario.

Proxector 8000 lumens conexión HDMI con obturador.

Sinal ata o escenario (ver plano).

Son

P.A. axeitado ao recinto.

2 monitores independentes (ver plano).

2 micrófonos inarámicos (aporta a compañía).

1 micrófono SM58

1 micrófono NT5 (aporta a compañía).

1 micrófono AKG (aporta a compañía)

1 mesa Soundcraft no escenario (aporta a compañía)

1 mesa de son no control fóra do escenario

Iluminación

5 PC 1 Kw

9 Recortes 15/30 Zoom

6 Recortes 25/50 Zoom

4 PAR 64 lámp cp 60 (Nº1)

1 PAR 64 lámp cp 62 (Nº5)

10 PARLED RGBW Zoom

8 Bañadora cyclorama RGBW

26 Canles de Dimmer

1 Torre de Calle

1 mesa de luces (aporta a compañía)

Persoal do teatro durante a montaxe

1 técnico de luces

1 técnico de son

1 técnico de vídeo

1 maquinista

2-3 carga-descarga á chegada da compañía e despois da función.

Persoal en xira da compañía

1 técnico de luces e responsable técnico

1 técnico de vídeo e montaxe


2 actrices e 2 actores

Vehículos


Furgón de carga non superior a 3000 kg.

Se é posible debería quedar estacionado no teatro ata que a compañía marche. Se non fose posible, aconsellaráse unha zona para aparcar que teña a altura necesaria (+ de 2,5m).

plano de luces



plano de son e control técnico



listaxe de canles

1	INARÁMICO 1	Aporta a compañía
2	IINARÁMICO 2	Aporta a compañía
3	SM 58	
4	NT 5	Aporta a compañía
5	QLAB R	LINK
6	QLAB R	LINK
7	SOUNDCRAFT L	LINK
8	SOUNDCRAFT R	LINK
9	RETORNO REVERB CANLES 7, 8	



Chévere é unha compañía de axitación teatral con 38 anos de traballo ao lombo, que soubo manter con naturalidade unha proposta de creación propia tan irreverente como xenuína. **En 2014 recibiu o Premio Nacional de Teatro** polo seu compromiso social e cultural e pola súa coherente traxectoria de creación colectiva, transgresión de xéneros e conexión crítica coa realidade.

Desde 1987 Chévere actuou en centos de aldeas, vilas e cidades de toda Galicia, España, Portugal e outros países europeos, latinoamericanos e africanos. Fixo espectáculos de moi diferentes estilos e formatos e traballou en espazos pouco convencionais: na rúa, en barcos, aeroportos, carpas de circo, escaparates, ríos, portos, radios, bares, aulas... Usando o humor como filosofía e o pensamento crítico como ferramenta, as súas obras confrontan os debates do presente coa memoria dun pasado recente que nos afecta, documentándoo cunha linguaxe contemporánea accesible a públicos diversos.

Exemplos deste modus operandi son **Helen Keller, a muller marabilla?** (2024), unha obra bilingüe en lingua de signos e lingua oral; **N.E.V.E.R.M.O.R.E.** (2021), sobre a catástrofe ecolóxica do Prestige; **Curva España** (2019), que trata o mito nacional español coma se fose un true crime ferroviario; **Eroski Paraíso** (2016), sobre os efectos da globalización nun pequeno lugar da costa galega; **As Fillas Bravas** (2015), unha reivindicación da cultura oral e a vida de aldea; **Ultranoite no País dos Ananos** (2014), una axuste de contas coa Galicia Única de Manuel Fraga; **Eurozone** (2013), sátira sobre a crise financeira de 2008 entendida como un atraco das elites; a triloxía **Citizen** (2010-2011), un biopic non autorizado sobre Amancio Ortega e o “milagre Zara” ou **Testosterona** (2009), unha historia con personaxes non binarios sobre as disidencias de xénero.

Chévere crea a **Nave de Servizos Artísticos-Sala Nasa** en 1992, un espazo cultural independente único, ocupándose da dirección artística ata o seu peche a finais de 2011, precipitado pola persecución do PP local. Alí mantén o seu cuartel xeral durante 20 anos, servindo de base a gran parte da produción cultural da cidade e a infinidade de proxectos escénicos, grupos e autores que representan a creación máis arriscada deste período en Galicia, Portugal e España.

A partir de 2005 Chévere diversifica o seu teatro de operacións. Participa en **proxectos audiovisuais** como **Pepe O Inglés** (serie emitida en TVG 2005-2006), **Crebinsky, o filme** (2008, longametraxe), **A Viaxe dos Chévere** (2014, documental) ou a versión cinematográfica de **Eroski Paraíso** (2018). Crea a **redenasa.tv** (2010), unha **plataforma dixital de contidos culturais** en galego que acolle ademais o arquivo audiovisual da Sala Nasa. Executa innovadores **proxectos de creación en internet** como **Amores Prohibidos 2.0** (2012), unha versión de Romeo e Xulieta en tempo real feita xunto a un grupo de adolescentes a través de redes sociais. E converte o seu teatro nunha ferramenta de divulgación, sensibilización e comunicación transversal a moitos sectores da sociedade.

Entre 2012 e 2019 Chévere desenvolve un **proxecto de residencia teatral no Concello de Teo** (A Coruña), un modelo experimental de relación público-privado, implicándose nunha contorna local para rendibilizar o uso dos espazos públicos, mellorar a estabilidade laboral dos profesionais do teatro e capitalizar o prestixio e o *know how* dunha compañía como Chévere en beneficio da comunidade que a acolle.

En 2015 a compañía pon en marcha a **Berberecheira**, unha **iniciativa de custodia do territorio teatral** para sementar proxectos escénicos de xestión colectiva que desbordan o núcleo estable da compañía. A primeira sementeira ten como obxectivo ampliar a documentación escénica de feitos e historias do pasado recente, contadas en primeira persoa, como práctica de investigación sobre o teatro documental. Incubáronse tres proxectos: **Goldi Libre** (2016), de César Goldi, sobre o movemento de insubmisión ao servizo militar dos anos 80-90; **Salvador** (2017), de Borja Fernández, sobre o impacto da emigración nunha familia galega; **Anatomía dunha Serea** (2018), de Iria Pinheiro, sobre a violencia obstétrica.

Desde 2015 Chévere intensifica o seu traballo de creación de **ficcións sonoras**. Investiga nas posibilidades das narrativas espaciais, usando a comunicación sonora a través de dispositivos dixitais e auriculares para realizar visitas e paseos ficcionados por barrios, vilas, centros históricos, edificios singulares e espazos naturais, adaptadas tamén a usos turísticos (audioguías ficcionadas).

Desde 2023 integra nas súas obras a **lingua de signos** e a **audiodescrición**, co compromiso de **facermos máis accesibles as artes escénicas**.

Desde 1993 e de xeito ininterrompido ata hoxe, Chévere crea e conduce as **Ultranoites**, un formato propio de cabaré político que trata con moita retranca os debates do presente. Ao longo de 33 anos e catro décadas fixéronse 116 Ultranoites distintas.

Patricia de Lorenzo Desde 1990 traballa en diferentes disciplinas como teatro, música, dobraxe e audiovisual. En 1994 incorpórase ao grupo Chévere, destacando o seu traballo como actriz en *Annus Horribilis*, *Ana Pudor*, *Testosterona*, *Citizen*, *Eurozone*, *As Fillas Bravas*, *Eroski Paraíso*, *Divinas Palabras Revolution*, *Curva España*, *N.E.V.E.R.M.O.R.E.* Foi solista do coro *A Rá*, da *Banda da Nasa* e *A Tirana* e compoñente do quinteto vocal *Tristáns*. Traballou en series de televisión e cine, con directores como *Jorge Coira*, *Alfonso Zarauza*, *Hannes Stöhr*, *Quique Otero* ou *Ricardo Franco*.

Miguel de Lira Membro fundador do Grupo Chévere. Traballou como actor en teatro e cine baixo a dirección de *Mario Gas*, *José Luis Cuerda*, *Hannes Stöhr*, *Alejandro Marzoa*, *Alfonso Zarauza*, *Roberto Vidal Bolaño*, *John Eastham*, *Enrique Urbizu*, *Erick de Bont* ou *Xesús Ron*. En 1992 participou na creación da *Sala NASA*. Os seus traballos máis recoñecidos con Chévere son *Río Bravo*, *Big Bang*, *Annus Horribilis*, *Máquina Total*, *hero.es*, *Citizen*, *Eurozone*, *Eroski Paraíso*, *Curva España*, *N.E.V.E.R.M.O.R.E.* Tamén é un destacado promotor de eventos comunitarios en Carnota, como o *Festórreo de Lira*.

Borja Fernández Licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, no 2023 presentou a súa tese en dramaturxia na Universidade Nacional das Artes de Buenos Aires. Desde 2003 colabora con Chévere. Ao mesmo tempo desenvolve os seus propios proxectos de creación, como *Jean Paul*, *Rewind* o *Salvador*, elecciónado por *Iberescena 2017*. Cos seus proxectos escénicos ou con outras compañías, xirou por Galicia, España, Portugal, República Checa, Mozambique e Brasil. Traballou para o CDG baixo a dirección de *Ana Vallés*, *Quico Cadaval*, *Fefa Noia* e *Xesús Ron*.

Marcos Pereira é un xove actor e bailarín, licenciado en interpretación do Teatro do Xesto pola RESAD de Madrid e graduado en Danza Elemental na RCDPM. Desde 2019 traballou en numerosas producións de teatro, entre as que salientan *Tribus* (CDN), con dirección de *Julián Fuentes Reta*; *Y llegar hasta la Luna* (CDN), de *Maria San Miguel*; *Mariana*, de *David Ojeda*; *On Time*, de *Fritsch Company*; *Humanidad, 5 visiones de Goya para circo* (Teatro Circo PRICE), de *Rakel Camacho*; *La Dama Signa* (CNTC), adaptación a LSE de *La Dama Boba*, de *Ángela Ibáñez* e *Julián Fuentes Reta*.

Gema Santos é intérprete de lingua de signos e actriz, vencellada a actividades educativas e de sensibilización, salientando a súa proposta *Con-sentidiños* no Museo de Belas Artes de A Coruña. Forma parte do equipo mixto de interpretación en lingua de signos do festival *FIOT Carballo*. Traballa coa compañía *A Trastenda dos Contos*, coa actriz *Mariña Lestón* en *Costa da Morte*, *cartografía dun Naufraxio* e con Chévere en obras como *As Fillas Bravas*.

Xesús Ron Intégrase no Grupo Chévere en 1988, realizando labores de creación de textos, produción, interpretación, documentación, dramaturxia e dirección artística e escénica en máis de 40 proxectos. Fixo a dramaturxia e dirección en obras como *Helen Keller, a muller marabilla* (2024), *N.E.V.E.R.M.O.R.E.* (2021), *Curva España* (2019), *Divinas Palabras Revolution* (2018), *Anatomía dunha serea* (2018), *Eroski Paraíso* (2016), *Goldi Libre* (2016), *As Fillas Bravas* (2014 e 2020), *Eurozone* (2013), *Citizen* (2010-2011), *Testosterona* (2009), *Alá no fondo hai espazo abondo* (2008), *O Navegante* (2001), *A rutina é o deber de todas as criaturas* (1998). En 1992 participa na creación da Nave de Servizos Artísticos-Sala NASA, ocupándose da xerencia e dirección artística ata 2011. Foi membro da xunta directiva da Red de Teatros Alternativos (1999-2003) e do Consello Asesor do Centro Dramático Galego (2006-2009). Formou parte do Colectivo Burla Negra e da Plataforma Nunca Máis. En 2010 participa na creación da plataforma dixital de contidos culturais Redenasa.tv. Dirixe o programa de residencia teatral de Chévere en Teo (2012-2019), o laboratorio de creación escénica *A Berberecheira* (2016- 2020) e a área de ficcións sonoras da compañía (2014-2024).

Chévere

Rúa da Queimada 49, baixo
15703 Santiago de Compostela
info@grupochevere.eu
www.grupochevere.eu

Produción en xira

Patricia de Lorenzo
patricia@grupochevere.eu
628 474 557

Dirección artística

Xesús Ron
xron@grupochevere.eu
660 960 916

Administración

Inés Portela
administracion@grupochevere.eu

Comunicación

Xana García
prensa@grupochevere.eu
635 140 100

Técnica

Fidel Vázquez
fvazquezdiaz@miraxe.coop
607 947 797
Borja Fernández
borjasalcedo@gmail.com
655 333 005

Distribución

Carlos M. Carbonell
cmcarbonell@cremilo.com
678 460 559



info@grupochevere.eu
www.grupochevere.eu

distribución:
Carlos M. Carbonell
678460559
cmcarbonell@cremilo.es